

PIONEIRAS #02: FALLING LEAVES / ELEANOR'S CATCH / THE DREAM LADY

1486

Alice Guy Blaché / Cleo Madison / Elsie Jane Wilson

ESTREA EN NUMAX: 26.03.2025 | V.O.S.E. | 81 min

FALLING LEAVES

Alice Guy-Blaché | 1912 | 12 min

Este outono, o Dr. Earl Headley espera demostrar con impaciencia o que parece ser unha cura milagrosa para a tuberculose. Porén, non moi lonxe de onde está a traballar, a enfermidade parece lista para reclamar unha nova vida, unha nena chamada Winifred encóntrase gravemente enferma. Chea de poesía, "Falling Leaves" está considerada a obra mestra da primeira directora da historia do cinema.

ELEANOR'S CATCH

Cleo Madison | 1916 | 15 min

Encantadora curtametraxe dirixida e protagonizada por Cleo Madison, actriz de éxito e unha das numerosas mulleres que dirixiron en Universal na década de 1910. A protagonista é unha moza arrastrada á vida delictiva por causa do seu pretendente. O seu sorprendente final supón un referente no reclamo da igualdade das mulleres no traballo.

THE DREAM LADY

Elsie Jane Wilson | 1918 | 54 min

Rosamond é unha moza que herda unha fortuna do seu tío falecido e decide cumprir os seus tres maiores desexos: ter un can de Livonia, vivir nunha cabana no bosque e ser adiviña.



O xénero como forma de representación

Por Mark Garrett Cooper

Elsie Jane Wilson foi unha das numerosas actrices que comezaron a dirixir para a Universal Pictures na década de 1910. A compañía contratouna por primeiro para dirixir unha de serie de filmes protagonizados pola actriz infantil Zoe Rae cara a 1917: *The Circus of Life*, *The Little Pirate*, *The Cricket*, *The Silent Lady* e *My Little Boy*. Despois dirixiu dúas longametraxes protagonizadas por Ella Hall, Carmel Myers e Ruth Clifford. Infelizmente, a meirando parte do seu traballo foi extraviado ou destruído ao longo dos anos, ficando só un arquivo fragmentario que achega máis preguntas ca respostas sobre o seu traballo. A isto súmase a dificultade extra para calibrar o traballo artístico de mulleres casadas con directores que, en ocasións, asinaron traballos compartidos, algo que sucedeu con Lois Weber (casada con Phillips Smalley), Helen Holmes (esposa de J.P. McGowan) e, no caso de Elsie Jane Wilson, polo seu matrimonio co prestixioso director Rubert Julian con quen colaborou durante seis anos. Un exemplo pode ser o filme *The Savage*, atribuído a Julian pero que, segundo entrevistas coa actriz Ruth Clifford, foi dirixida case enteiramente por Elsie Jane Wilson. O mesmo sucede con *The Circus of Life*, que o American Film Institute acredita a Julian pero que nas propias publicacións da Universal na *Moving Picture Weekly* se lle atribúe a Wilson.

Podríamos comezar a responder esta pregunta analizando a película que, sen dúbida algunha, foi dirixida por Elsie Jane Wilson: *The Dream Lady*. Esta obra defende a orquestración dos sonhos como un traballo feminino e ofrece un enfoque lúdico dos roles de xénero. A película presenta unha muller orfa, interpretada por Carmel Myers, que gasta a súa herdanza cumprindo os desexos doutras persoas. O seu sonho é converterse en "dama dos sonhos", seguindo o título da cinta. Grazas á copia resturada polo Centro Nacional da Cinematografía Francesa, podemos entender a película con maior complexidade do comentado no seu tempo por Chris Straayer que a definiu como "un filme travestido". Como era propio nesta directora a representación do xénero vira tema central da fita. O personaxe de Myers fai realidade os desexos dunha muller moza de vestirse como un rapaz, o que dá lugar a numerosos encontros e desencontros. Nunha escena, a muller vestida como un home, bica o personaxe de Myers en agradecemento. O home protagonista, encarnado por Thomas Holing, aparece na escena e malinterpreta o xesto. Logo xurdirán outras complicacións pero ao final Myers e Holing reecóntanse nun bote de remos. Cando semella que o bico é inevitable, Wilson néganos a escena cortando á outra beira do río, onde unha nena, asistente da "Dream Lady", pecha os ollos dun can.

The Dream Lady fai parte dunha serie de filmes desta década dirixidos por mulleres que presentan o xénero como unha forma de representación. Son os casos de *Cupid and the Comet* (1911) de Alice Guy Blaché ou *The Florida Enchantment* (1914), dirixida por Sidney Drew, que foi escrita por Marguerite Bertsch. Serán preciso novas investigacións sobre a suxestiva figura de Elsie Jane Wilson para determinar a súa contribución a proxectos compartidos e, o máis importante, confirmar a súa importancia nos primeiros anos do cinematógrafo.

Publicado en wfpp.columbia.edu



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Alice Guy en el origen del cine,
Irene de Lucas Ramón.
Shangrila

Alice Guy Blaché,
Alison McMahan.
Plot Ediciones

Alice Guy,
Catel & Bocquet.
Salamandra Graphics